

O bo de Pierre-Joseph Proudhon, o pensador francés que se enfrontou a Marx entre miserias e filosofías á recíproca, que bautizou á Igrexa católica como “escola da obediencia” (idea que conserva —non nos enganemos— o seu punto de vixencia a pesar do século e medio transcorrido), que estivo tres anos no cárcere baixo o reinado de Napoleón III por algo tan discutíbel e difícil de probar como a incitación ao odio, que foi contrario a toda lei e institución (agás a familia), que defendeu con escaso éxito pero con teimosía a rendibilidade moral dun crédito bancario sen intereses, que se mostrou partidario da supresión gradual do diñeiro e dos trabucos colocando no seu lugar o intercambio equilibrado de produtos, demostraba a súa formación autodidacta cando escribía —tal e como recolle Gustave Flaubert no seu lúcido *Le sottisier*— a seguinte sentenza: “As mulleres do antigo Exipto prostituíanse publicamente con crocodilos”.

Ignoro se os réptiles amosaban preferencia por algunha postura en especial ou se posuían dotación libidinosa como para ocuparse das pendongas no sentido empregado polo anarquista (Proudhon non aporta máis datos, quizais a palabra “lagarta” funcionou como substrato e tivo algo que ver no zoofílico enunciado). En fin, para internarnos en relacións curiosas, incríbeis —que non inconcibíbeis—, ninguén mellor que o urólogo brigantino Adrián Lamas quen, ademais de posuír a colección de estampas licenciosas máis porca da comarca, entretén o seu tempo de ocio relacionando cousas en principio tan dispares como Brahms e o humorista Carlos “O Xestal”. Así e en defensa da súa teoría de que todo está relacionado e que só hai que dar co epicentro do achegamento, descubriu que o apelido do músico deriva da palabra xermana “bram”, que significa xesta, e que a chamada música seria e o humorismo verbal non están tan intimamente separados, unha sonata interpretada con instrumentos desafinados e un chiste mal contado poden causar o mesmo efecto no oínte.

Ultimamente, o urólogo brigantino anda interesado na intersección entre priapismo e morte pelada e, no seu inxente proceso de documentación, chegou á lenda que até ben pouco se podía ler á entrada dun dos camposantos de Pensilvania: “Está prohibido cortar flores doutra tumba que non sexa a propia”.

Xosé Luís Martínez Pereiro
colaboración para o nº de febreiro 2007 de INFOXOVE